

# O Encomio da Muller en Coristanco



Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, o Departamento de Cultura do Concello de Coristanco promove unha campaña para o fomento e promoción da igualdade. Co lema “O encomio da muller de Coristanco” realizaremos un concurso con tres categorías diferenciadas:

**1ºCategoría: Debuxo**

**2ºCategoría: Relato Curto**

**3º Categoría: Fotografía**

O obxecto do concurso é fomentar a promoción da igualdade dentro do noso concello e impulsar a participación cidadá dende as súas vivendas, así como premiar o enxeño e creatividade adaptando a tipoloxía de concurso á situación epidemiolóxica actual.

Poderán participar dende o seu domicilio todas aquelas persoas que estean empadroadas no Concello de Coristanco, sen límites de idade.

A temática e contido deberá difundir e transmitir unha mensaxe positiva sobre a participación activa das mulleres na sociedade, promovendo a loita contra as desigualdades de xénero.

Os traballos poderán ser empregados polo Concello de Coristanco na conmemoración do Día Internacional da Muller, así como para outras accións de sensibilización e promoción da igualdade.

**INSCRICIÓN E ENVÍO DOS TRABALLOS.**

Cada concursante deberá cubrir un formulario de participación, autorizando ao concello a compartir os seus traballos nas redes sociais municipais para a

## *O Encomio da Muller en Coristanco*

participación no concurso. O formulario estará dispoñible para a súa descarga na web e facebook do concello de Coristanco dende o 26 de febreiro de 2021.

A canle para enviar dito formulario e os traballos a presentar serán as seguintes:

- 1. Por correo electrónico: [biblioteca@coristanco.gal](mailto:biblioteca@coristanco.gal)**
- 2. Por Whatsapp no 665 29 41 94**
- 3. De forma presencial na Biblioteca Municipal** en horario de 8h a 15h (sempre que as circunstancias sanitarias así o permitan).

As inscricións e **entrega de material** poderán realizarse ata o venres **5 de marzo, ás 12h.**

Os usuarios das redes poderán **darlle “gústame”** as fotos e publicacións que aparecerán no Facebook do concello **dende o venres 5 de marzo ás 12h ata o luns 8 de marzo ás 12h.**

A valoración do concurso para obter o gañador será o traballo con máis “gústame” por cada categoría.

### PREMIOS:

Os gañadores do concurso (un por cada categoría) recibirán como agasallo un lote de libros.

A listaxe de premiados publicarase na web e Facebook do Concello de Coristanco o Luns 8 de marzo. Unha vez finalizado o concurso, o concello porase en contacto coas persoas premiadas para realizar a entrega do agasallo.

A participación no concurso implica a aceptación íntegra deste documento.

A participación neste concurso leva implícita a cesión de dereitos de reprodución, difusión e exposición das obras e traballos participantes.